

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de novembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día once de novembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1320).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1321).- ANULACIÓN PARCIAL DO RC 64612, ANO 2011, CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DOS SERVICIOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1123/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 10.10.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

A anulación por importe de 28.000 € do RC 64612 (achégase copia), aplicación orzamentaria 1550.210.00.00, correspondente ao expediente de contratación por procedemento aberto dos servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construción e demolición xerados polo Taller do Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo, o non estar previsto que se superen 2000 € para o exercicio 2011 en base aos prazos de licitación.

Esta anulación non supón ningunha alteración no servizo.

3(1322).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA PARA O EXERCICIO 2011. EXPTE. 1130/440.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 9.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención do Concello de Vigo na convotaria de axudas convocadas polo Instituto Enerxético de Galicia a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercizo 2011, para a execución dos proxectos que a continuación se indican:

- Reforma interior de edificación coma Escola Infantil Mestres Goldar.
- Reforma interior de edificación coma Escola Infantil na Dobrada. Martínez Garrido, 29.
- Construcción dunha escola infantil en Navia.

4(1323).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS -PARROQUIA LAVADORES, FASE I: RÚA BAGUNDA-TRAVESÍA DE STA CRISTINA”. EXPTE. 2027/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 10.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra: CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DE LA RÚA SEVERINO COBAS. LAVADORES. FASE I: RÚA BAGUNDA-TRAVESA DE SANTA CRISTINA .

2º.- Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria **ORECO, S.A.** , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

5(1324).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS -PARROQUIA LAVADORES, FASE II: TRAVESÍA DE SANTA CRISTINA – BAIXADA Ó CAPITÁN”. EXPTE. 2029/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 10.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “CONSTRUCCION DE URBANIZACIÓN DA RUA SEVERINO COBAS PARROQUIA LAVADORES-VIGO.FASE II: (TRAVESA DE STA. CRISTINA-BAIXADA A CAPITÁN)”.

2º.- Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria EIRIÑA, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

6(1325).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS -PARROQUIA LAVADORES, FASE III: BAIXADA Ó CAPITÁN ATA O Nº 186”. EXPTE. 2030/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 10.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS - PARROQUIA DE LAVADORES (VIGO). FASE III: BAIXADA A CAPITÁN - ATA O Nº 186 .

2º.- Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria MOVEXVIAL, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traba-

lladores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

7(1326).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA AUDITORÍA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA – VIGO. EXPTE. 14006/444.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 9.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención do Concello de Vigo na convotaria de axudas convocadas polo Instituto Enerxético de Galicia a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercizo 2011, para a elaboración dunha auditoría enerxética da iluminación pública - Vigo.

8(1327).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EXTERIOR NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14007/444.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 9.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención do Concello de Vigo na convotaria de axudas convocadas polo Instituto Enerxético de Galicia a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercizo 2011, para a execución do proxecto de iluminación exterior no Concello de Vigo que contempla os viais da Avenida de Galicia, Estrada de Valadares e Estrada de Camposancos.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.